



AXENCIA DE PROTECCION DA LEGALIDADE URBANISTICA

CONSELLERÍA DE VIVENDA E
PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

I. MEMORIA DOS ORZAMENTOS 2025 E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO

I.1. Descrición da entidade

A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante LSG), creou a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (en adiante APLU) como instrumento fundamental para velar pola utilización racional do solo conforme ó disposto no ordenamento urbanístico, e proceder a súa regulación no seu artigo 226. Esta norma legal derogouse pola Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que dedica o seu artigo 10 á APLU, definíndoa como un ente público de natureza consorcial, dotado de personalidade xurídica, patrimonio e orzamento propios e plena autonomía no cumprimento das súas funcións de inspección, restauración da legalidade e sanción en materia de urbanismo, así como o desempeño de cantas outras competencias lle asignen as leis e os seus estatutos. Está adscrita organicamente á consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio.

A estrutura orgánica da APLU e a definición das funcións de cada unidade administrativa se estableceron inicialmente no Decreto autonómico 51/2008, do 6 de marzo, que estruturou a APLU do seguinte modo:

- a) Os órganos directivos: Consello Executivo e director/a.
- b) A Subdirección, dependendo directamente da Dirección.
- c) As unidades administrativas centrais que, a súa vez, se dividen en dous grupos:
 - Baixo a dependencia da Dirección, o Servizo de Administración e Xestión.
 - Baixo a dependencia da Subdirección, os Servizos de Inspección Urbanística I (A Coruña) II (Pontevedra) e III (Lugo e Ourense), o Servizo de Inspección do Litoral, o Servizo Técnico e o Servizo de Ditames e Informes.
- d) As unidades administrativas provinciais, existindo os Servizos Provinciais en cada unha das provincias da nosa comunidade autónoma.

Este Decreto modificouse polo Decreto 451/2009, do 23 de decembro, co obxectivo de introducir a Asesoría Xurídica da APLU, dependente organicamente da Dirección e funcional e xerarquicamente da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia.

Posteriormente o Decreto 101/2013, do 27 de xuño introduciu as seguintes variacións:

- Eliminación dos Servizos de Inspección do Litoral e de Ditames e Informes.

- Atribución ós Servizos Provinciais da APLU da función de elaboración das propostas de incoación de procedementos en materia de disciplina conforme ó disposto na LOUGA e na Lei de costas e a súa remisión á dirección da Axencia, función que ata esta modificación correspondía ós Servizos de Inspección Urbanística.

- Eliminación da función de tramitación das autorizacións na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre atribuída ás unidades administrativas provinciais, ó corresponder agora o seu exercicio á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (actual Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo).

COMPETENCIAS

A Axencia de Protección da Legalidade Urbanística ten por finalidade esencial velar pola utilización racional do solo conforme ao disposto na normativa reguladora do urbanismo, a ordenación do territorio e do litoral, especialmente no medio rural e na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre.

Correspóndenlle, en todo caso, as seguintes competencias:

A) As competencias que en materia urbanística lle sexan atribuídas polos seus estatutos. O artigo 3 do Decreto 213/2007 indica que son funcións da APLU as seguintes:

a) A inspección e vixilancia urbanística sobre os actos de edificación e uso do solo.

b) A adopción das medidas cautelares previstas na lei urbanística, en especial, as de suspensión dos actos de edificación e uso do solo que se realicen en solo rústico sen a preceptiva autorización autonómica ou incumprindo as condicións da autorización outorgada.

c) A instrución dos expedientes de reposición da legalidade e dos expedientes sancionadores por infraccións urbanísticas, cando a competencia para a súa resolución lle corresponda á comunidade autónoma.

d) A formulación ás distintas administracións de toda clase de solicitudes que considere pertinentes para asegurar o mellor cumprimento da legalidade urbanística.

e) A denuncia ante o Ministerio Fiscal e os órganos da orde xurisdiccional penal dos feitos que, como resultado das actuacións practicadas, se consideren constitutivos de delito.

f) A potestade sancionadora e de restitución e reposición da legalidade no ámbito da servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre.

g) O requirimento para a anulación de licenzas urbanísticas contrarias á normativa reguladora do urbanismo, a ordenación do territorio e do litoral.

h) O asesoramento e asistencia ás administracións públicas integradas na Axencia, nas materias da súa competencia, así como a proposta á consellería competente en materia de urbanismo de modificación ou adopción de normas legais ou regulamentarias necesarias para o mellor cumprimento da legalidade urbanística.

i) As competencias de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística que os municipios integrados voluntariamente na Axencia deleguen nela, nas condicións que se determinen nos correspondentes convenios de adhesión.

B) As competencias inicialmente asignadas ós órganos autonómicos para restaurar a legalidade urbanística e para impor sancións por infraccións urbanísticas graves e moi graves.

Para a fixación das principais liñas de acción para o período 2025 da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística tivéronse en conta 3 premisas fundamentais:

a) A cada vez maior preocupación social pola materia urbanística e, mais en concreto, pola disciplina e potestade sancionadora neste eido. Non pode esquecerse que nos últimos anos desenvóléronse ao longo da xeografía española actuacións xudiciais e policiais que puxeron en evidencia a existencia de numerosos ilícitos urbanísticos.

b) A crecente importancia das políticas de ordenación do territorio e de protección do medio ambiente.

c) A relación existente entre as competencias autonómicas e locais nesta materia, que esixe o exercicio coordinado do conxunto de potestades integradoras da mesma para un axeitado exercicio da competencia urbanística.

Sentado o anterior, o primeiro a destacar é que o obxectivo xenérico desta axencia céntrase principalmente en mellorar a vixilancia e inspección do territorio e a protección do litoral para velar polo cumprimento da legalidade urbanística. Partindo deste obxectivo xenérico as accións concretas a realizar son:

- A prevención e persecución das infraccións urbanísticas e de costas, mediante a realización de actuacións tales como a vixilancia e inspección do territorio para detectar obras en execución sen licenza municipal ou autorización autonómica; outorgar ao persoal formación especializada para mellorar a calidade e eficacia da disciplina urbanística, facilitando a súa participación en conferencias e cursos; a promoción de investigacións para determinar os feitos e identificar os presuntos responsables da comisión de infraccións graves ou moi graves; a paralización e/ou incoación prioritaria e urxente de expedientes de reposición da legalidade de obras en curso de execución sen licenza municipal ou autorización autonómicas preceptivas e cuxo prazo de caducidade estea próximo a cumprirse; a imposición de multas coercitivas no caso de incumprimento voluntario da orde de demolición ou a súa execución subsidiaria transcorrido un ano dende a súa executividade.

-A consecución da máxima coordinación, colaboración e participación dos concellos para a consecución de óptimos resultados no eido do urbanismo, mediante a realización de actuacións tales como a vixilancia do cumprimento por parte dos concellos do seu deber de revisar licencias contrarias ao ordenamento xurídico; dar a coñecer a actividade e as funcións da axencia aos concellos galegos non adheridos á mesma ou o asesoramento aos concellos na interpretación da normativa urbanística.

E que, en última instancia, toda a actuación da Administración publica diríxese á protección do benestar dos cidadáns e, en materia urbanística, esta finalidade última da actividade administrativa maniféstase na promoción do seu dereito a un medio urbano e rural axeitado para o desenvolvemento da persoa, consonte ao disposto no artigo 45 da Constitución Española de 1978, e na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, na Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas.

1.1.1. Obxectivos

EIXO	DESCRICIÓN EIXO
E4	COHESIÓN SOCIAL E TERRITORIAL

EIXO	PRIORIDADE ACTUACIÓN	DESCRICIÓN PRIORIDADE ACTUACIÓN
E4	PA04	Impulsar a cohesión territorial e desenvolver os servizos no territorio baixo o concepto de cidade única.

1.1.2. Obxectivos e indicadores

OBX ESTRATÉGICO/ INTERMEDIO	DESCRICIÓN OBX ESTRATÉGICO/ INTERMEDIO	2025	2026	2027
E01	Impulsar a cohesión territorial e a ordenación urbanística do territorio galego respectando a paisaxe de Galicia e potenciando os valores naturais da mesma. Vertebración dixital e mellora da conectividade do territorio. Fomentar a accesibilidade do solo empresarial.	5.347.075	5.247.075	4.997.075
TOTAL		5.347.075	5.247.075	4.997.075

OBX OPERATIVO	DESCRICIÓN OBX OPERATIVO	2025	2026	2027
0001	Elaboración, coordinación, seguimento e control das políticas territoriais e de utilización racional do solo e dos seus instrumentos de planificación	5.347.075	5.247.075	4.997.075
TOTAL		5.347.075	5.247.075	4.997.075

INDICADOR	DESCRICIÓN INDICADOR	2025	2026	2027	UNIDADES
1	Ordes de reposición urbanísticas voluntarias	120	120	120	

INDICADOR	DESCRIPCIÓN INDICADOR	2025	2026	2027	UNIDADES
2	Ordes de reposición urbanísticas subsidiarias	14	14	12	

I.2. Territorialización

CONCELLO	GASTO DE PERSOAL	OUTROS GASTOS CORRENTES	GASTOS DE CAPITAL
CORUÑA	409.948	0	0
SANTIAGO DE COMPOSTELA	2.572.817	349.700	162.500
LUGO	260.004	0	0
OURENSE	189.059	0	0
PONTEVEDRA	403.046	0	0
VARIOS CONCELLOS	0	0	1.000.000
TOTAL	3.834.874	349.700	1.162.500

I.3. Previsións orzamentarias e financiamento

I.3.1. Previsións Orzamento de explotación

INGRESOS

Vendas e outros ingresos de explotación

INGRESOS	2025	2026	2027
FONDOS PROPIOS	2.029.596	2.029.596	2.029.596
LIQUIDACIÓNS EXECUCIÓNS SUBSIDIARIAS	1.000.000	950.000	700.000
MULTAS COERCITIVAS	1.500.000	1.500.000	1.500.000
OUTRAS TAXAS POR PRESTACIÓN SERVIZOS	3.400	3.400	3.400
SANCIÓNS	749.079	749.079	749.079
TRANSFERENCIAS CONCELLOS ADHERIDOS	5.000	5.000	5.000
XUROS CONTAS CORRIENTES	60.000	60.000	60.000
XUROS DE DEMORA	0	0	0
TOTAL	5.347.075	5.297.075	5.047.075

GASTOS

Gastos de persoal

	REAL 2023	ESTIMADO 2024	PREVISIÓN 2025
Nº Empleados	69	75	75
Custo Total	3.536.807,77	3.858.768	3.834.875
Custo Medio	51.258,08	51.450,24	51.131,67

Servizos exteriores

DESCRIPCIÓN	REAL 2023	ESTIMADO 2024	PREVISIÓN 2025	PREVISIÓN 2026	PREVISIÓN 2027
20-ALUGAMENTOS E CANONS	14.641	7.173	15.000	15.000	15.000
21REPARACIÓNS E MANTENIMENTO	33.164	28.931	60.100	60.100	60.100
22-MATERIAL E SUBMINISTRACIÓNS	106.480	140.351	268.600	268.600	268.600

DESCRIPCIÓN	REAL 2023	ESTIMADO 2024	PREVISIÓN 2025	PREVISIÓN 2026	PREVISIÓN 2027
23-INDEMNIZACIONES POR RAZONS SERVIDO	3.290	2.869	6.000	6.000	6.000
TOTAL	157.575	179.324	349.700	349.700	349.700

Subvencións concedidas pola entidade

SUBVENCIONES CONCEDIDAS POLA ENTIDADE	REAL 2023	ESTIMADO 2024	PREVISIÓN 2025
SUBVENCIONES	0	0	0
TOTAL	0	0	0

I.3.2. Previsións Orzamento de capital

ORIXES

Remanente de Tesourería

	2023	2024
1. Fondos líquidos	2.276.735	1.538.867
2. Dereitos pendentes de cobro (+)	13.160.092	13.160.092
Do orzamento corrente	2.193.960	2.193.960
De orzamentos pechados	10.966.132	10.966.132
De operacións non orzamentarias	0	0
De operacións comerciais	0	0
3. Obrigas pendentes de pago (-)	237.160	237.160
Do orzamento corrente	0	0
De orzamentos pechados	1.326	1.326
De operacións non orzamentarias	235.834	235.834
De operacións comerciais	0	0
4. Partidas pendentes de aplicación (-/+)	0	0
(-) Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	0	0
(+) Pagos realizados pendentes de aplicación definitiva	0	0
I. Remanente de tesourería total (1+2+3+4)	15.199.667	14.461.799
II. Exceso de financiamento afectado	0	0
III. Saldos de dubidoso cobro	8.667.815	8.667.815
IV. Remanente de tesourería non afectado (I-II-III)	6.531.852	5.793.984

APLICACIÓNES

Adquisicións de inmovilizado non financeiro

ADQUISICIONES INMOBILIZADO NON FINANCIERO	REAL 2023	ESTIMADO 2024	PREVISIÓN 2025
DIVULGACIÓN ACTIVIDADE	0	0	19.000
EQUIPOS E PROCESOS DE INFORMACIÓN	434	0	1.000
EXECUCIÓN SUBSIDIARIAS ORDES DEMOLICIÓN	589.530		1.000.000
MATERIAL DE TRANSPORTE	0	0	50.000
MOBILIARIO E UTENSILIOS	2.510	2.500	2.500
PROXECTO TERRA	84.375	30.000	90.000
TOTAL	676.849	32.500	1.162.500

Adquisicións de inmovilizado financeiro

ADQUISICIÓN DE INMOBILIZADO FINANCEIRO	REAL 2023	ESTIMADO 2024	PREVISIÓN 2025
ADQUISICIÓN INMOBILIZADO FINANCEIRO	0	0	0
TOTAL	0	0	0

FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE INVESTIMENTOS E DAS NECESIDADES DE EXPLOTACIÓN

O orzamento de Axencia de Protección da Legalidade Urbanística para o exercicio 2025 acada a cifra de 5.347.075€ euros, no que se refire aos seus estados de ingresos e gastos.

ORZAMENTO DE INGRESOS:

A previsión de recursos estimada correspóndese aos ingresos correntes, que proveñen dos seguintes conceptos:

* Taxas por servizos administrativos, mais concretamente, por fotocopias compulsadas de expedientes en poder da Administración

*Taxas por servizos profesionais, en concreto, por dirección e inspección de obras realizadas mediante contrato dentro dos expedientes de execución subsidiaria.

* Sancións urbanísticas.

* Multas coercitivas.

* Liquidación de gastos polas execucións subsidiarias realizadas por este organismo.

* Transferencias correntes da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

* Transferencias dos Concellos pola sinatura de convenios de adhesión á Axencia.

* Xuros de contas correntes.

ORZAMENTOS DE GASTOS:

- Gastos de operacións correntes: Acadan un importe de 4.184.575€ e engloban os seguintes conceptos:

* Custos de persoal, polo importe de 3.834.875 €.

* Gastos en bens correntes e servizos, que contén as asignacións precisas nas diversas partidas para atender os gastos correntes do funcionamento dos servizos administrativos

e, en xeral, todos os servizos necesarios para o axeitado funcionamento a Axencia. Acadan o importe de 349.700 euros.

- Gastos de operacións de capital: Acadan un importe total de 1.162.500 euros e se corresponden cos seguintes gastos:

2.500 €, destinados a adquisición de mobiliario , tendo en conta o estado do existente, que na maioría dos casos herdouse doutros organismos.

50.000 € destinados a continuar coa política de renovación do parque automobilístico deste organismo.

1.000 € destinados á adquisición de equipos para os procesos de información.

109.000 e destinados a gastos de investimentos de carácter inmaterial, entre os que se atopa a aportación deste organismo ao Proxecto Terra.

1.000.000 € correspondentes ás demolicións ilegais a executar subsidiariamente por esta Axencia.

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2025

ESTADO DE GASTOS DE OUTRAS ENTIDADES DA COMUNIDADE

AXENCIA PROTECCION LEGALIDADE URBAN.

ESTADO DE GASTOS	(En miles de euros sen decimais)				
	REAL 2023	ESTIMADO 2024	ORZAMENTO 2025	PREVISIÓN 2026	PREVISIÓN 2027
1.Gastos de persoal	3.537	3.798	3.835	3.835	3.835
1.1. Dos cales: gastos de Seguridade Social	712	747	765	765	765
2.Gastos en bens correntes e servizos	158	179	350	350	350
3.Gastos financeiros					
3.1. Xuros					
3.2. Resto de gastos financeiros					
4.Transferencias correntes					
4.1. Ao Sector Público					
- Ao Estado					
- A Organismos da Administración Central, (especificar)					
- Á Administración Xeral da Comunidade Autónoma					
- A Entidades da C.A. incluídas no sector AAPP					
. OOAA da C.A. (Especificar)					
. Sociedades e Entes Públicos da C.A. incluídos en AAPP (Anexo 1)					
. Universidades de la C.A.					
- A Entidades Locais					
- A Consorcios					
- A entidades da C.A. non incluídas nas AAPP					
- Ao resto de entidades do sector público					
4.2. Ao sector privado					
- Feoga-Garantía					
- Empresas privadas					
- Familias e ISFL					
6. Inversións reais	264	143	1.163	1.063	813
6.1. Terreos					
6.2. Inmovilizado Inmaterial	261	142	1.109	1.059	809
6.3. Inversións efectuados a través de sociedades instrumentais					
6.4. Inversións efectuados por encargo a través de Sociedades Públicas					
6.5. Resto de inversións reais	3	1	54	4	4
7.Transferencias de capital					
7.1. Ao Sector Público					
- Ao Estado					
- A Organismos da Administración Central, (especificar)					
- Á Administración Xeral da Comunidade Autónoma					
- A Entidades da C.A. incluídas no sector AAPP					
. OOAA da C.A. (Especificar)					
. Sociedades e Entes Públicos da C.A. incluídos en AAPP					
. Universidades de la C.A.					
- A Entidades Locais					
- A Consorcios					
- A entidades da C.A. non incluídas nas AAPP					
- Ao resto de entidades do sector público					
7.2. Ao sector privado					
- Empresas privadas					
- Familias e ISFL					
TOTAL NON FINANCEIRO	3.958	4.120	5.347	5.247	4.997
8. Activos financeiros					
8.1. Aportacións de capital a entidades da C.A. en AAPP					
8.2. Resto de activos financeiros					
9. Pasivos financeiros					
TOTAL	3.958	4.120	5.347	5.247	4.997

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2025

ESTADO DE INGRESOS DE OUTRAS ENTIDADES DA COMUNIDADE

AXENCIA PROTECCION LEGALIDADE URBAN.

ESTADO DE INGRESOS	(En miles de euros sen decimais)				
	REAL 2023	ESTIMADO 2024	ORZAMENTO 2025	PREVISIÓN 2026	PREVISIÓN 2027
3. Tasas e outros ingresos	2.697	2.407	3.252	3.152	2.902
3.1. Taxas académicas	3	4	3	3	3
3.2. Outras taxas e prezos públicos					
3.3. Outros ingresos	2.694	2.403	3.249	3.149	2.899
4. Transferencias correntes	1.800	1.992	2.035	2.035	2.035
4.1. Do Sector Público	1.800	1.992	2.035	2.035	2.035
- Do Estado					
- De Organismos da Administración Central					
(ESPECIFICAR)					
- Da Administración Xeral da Comunidade Autónoma	1.800	1.992	2.030	2.030	2.030
- De Entidades da C.A. recollidas no sector AAPP					
. OAAA da C.A. incluídos en AAPP					
. Sociedades e Entes Públicos da C.A.					
. Universidades da C.A.					
- Das Entidades Locais			5	5	5
- Dos Consorcios					
- De entidades da C.A. non incluídas en AAPP					
- Do resto de entidades do sector público					
4.2. Da Unión Europea					
- Do Fondo Social Europeo					
- Outras da Unión Europea(ESPECIFICAR)					
4.3. Do Sector privado					
- Empresas privadas					
- Familias e ISFL					
5. Ingresos patrimoniais	62	40	60	60	60
5.1. Xuros					
5.2. Outros ingresos patrimoniais	62	40	60	60	60
6. Alieamento de investimentos reais		1			
6.1. Terreos					
6.2. Resto de investimentos reais		1			
7. Transferencias de capital					
7.1. Do Sector Público					
- Do Estado					
- De Organismos da Administración Central					
(ESPECIFICAR)					
- Da Administración Xeral da Comunidade Autónoma					
- De Entidades d C.A. incluídas no sector AAPP					
. OAAA da C.A. incluídos en AAPP					
. Sociedades e Entes Públicos da C.A. incluídos en AAPP					
. Universidades da C.A.					
- Das Entidades Locais					
- Dos Consorcios					
- De entidades da C.A. non incluídas en AAPP					
- Do resto de entidades do sector público					
7.2. Da Unión Europea					
- Do FEDER					
- Outras da Unión Europea					
7.3. Do Sector privado					
- Empresas privadas					
- Familias e ISFL					
TOTAL NON FINANCEIRO	4.559	4.441	5.347	5.247	4.997
8. Activos financeiros					
8.1. Remanente de Tesourería					
8.2. Outros activos financeiros					
9. Pasivos financeiros					
TOTAL	4.559	4.441	5.347	5.247	4.997